

Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proposición de lei, BOPG núm. 90, do 23.6.1994.

Debate e toma en consideración polo Pleno, DSPG núm. 28, do 1.7.1994; BOPG núm. 97, do 6.7.1994.

Emendas, BOPG núm. 159, do 15.11.1994.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 212, do 22.2.1995.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 223, do 11.3.1995.

Anexo de depuración técnica, BOPG núm. 243, do 6.4.1995.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 57, do 20.4.1995.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 264, do 16.5.1995.

Diario Oficial de Galicia núm. 107, do 6.6.1995.

Boletín Oficial del Estado núm. 152, do 27.6.1995.

Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia

Esta lei foi derogada pola Lei 2/2006, do 14 de xuño de dereito civil de Galicia.

O dereito civil de Galicia é unha creación xenuína do pobo galego. Como dereito regulador de relacións entre suxeitos privados, xorde ó longo dos séculos na medida en que a súa necesidade se fai patente, fronte a un dereito que, por ser común, negaba as nosas peculiaridades xurídicas emanadas do máis fondo sentir do noso pobo. É por iso un froito da realidade social e, como tal, cambiante ó longo do tempo, de xeito que mentres unhas institucións perden vixencia aparecen outras que tratan de acomodarse á nova situación. Esta tensión entre a realidade e a supervivencia de formas xurídicas que van sendo superadas foi dando, así mesmo, novo sentido a novas institucións, xa que poucas veces poderá atoparse unha relación funcional tan estreita entre esas necesidades que as institucións xurídicas tentan acadar e as realidades de cada momento histórico.

Este proceso de creación consuetudinaria e do dereito civil, como froito dunha realidade concreta no tempo e no espazo, viuse, certamente, interrompido polo movemento codificador uniformador xurdido no século XIX. É, pre-

cisamente, o Código civil de 1889 o que coloca á marxe da legalidade vixente unha boa parte do noso dereito civil propio, sen que esta situación fose, nin moito menos, resolta coa promulgación, en 1963, da Compilación do dereito civil de Galicia, fragmentaria, incompleta, falta de entidade propia dun sistema xurídico e, en consecuencia, en boa parte, de costas á realidade social.

O Estatuto de autonomía de Galicia de 1981 creou un novo marco, dentro do que pode conservarse, modificarse e desenvolverse o dereito civil galego, tal como determina no artigo 27.4, ó fixa-la competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, ó abeiro do previsto no artigo 149.1.8.º da Constitución española de 1978. Sen prexuízo da competencia estatal en materia de lexislación civil, de acordo co previsto na Constitución e nos estatutos de autonomía, as comunidades autónomas poderán conservar, modificar e desenvolver os seus propios dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan. O marco estatutario completouse ademais coas súas previsións específicas sobre a parroquia rural, de acordo cos artigos 27.2 e

40 do Estatuto, que asoma nas disposicións desta lei sobre a comunidade veciñal, sobre as comunidades de augas ou sobre o réxime xurídico dos montes veciñais en man común, incorporados ó dereito autonómico por mor do previsto no devandito artigo 27 do propio Estatuto, entre outras competencias que inciden, naturalmente, sobre os máis diversos aspectos das relacións xurídicas -privadas.

De singular transcendencia para o dereito civil galego é o artigo 38 do Estatuto de autonomía, expresivo das fontes do dereito propio de Galicia. No seu parágrafo terceiro di que «Na determinación das fontes do dereito civil o Estado respectará as normas do dereito civil galego». Esta lei, no seu título preliminar, fai uso desta facultade e especifica nitidamente que o dereito civil de Galicia estará integrado polos usos e costumes propios e polas normas contidas na presente lei, así como polas demais leis galegas que o conserven, desenvolvan ou modifiquen. Nos demais artigos do título preliminar complétase o marco das normas do dereito civil de Galicia dentro das máis estrictas previsións constitucionais e estatutarias.

A Sentencia do Tribunal Constitucional número 182/1992, sobre a Lei 2/1986, do 10 de decembro, do Parlamento de Galicia, de prórroga no réxime de arrendamentos rústicos para Galicia, interpretou, moi

axeitadamente, as expresións constitucionais e estatutarias sobre o ámbito material no que debía conservarse, modificarse ou desenvolverse o dereito civil galego. Dixo expresa e nitidamente que, sendo certo que a vixente Compilación do dereito civil de Galicia non contén ningunha regra, directa e expresa, sobre o arrendamento rústico, non o é menos —como consideración de principio— que a competencia autonómica para a conservación, modificación e desenvolvemento do propio dereito civil pode dar lugar, segundo xa dixera na recente Sentencia do Tribunal Constitucional 121/1992 (fundamento xurídico 2.º), a unha recepción e formalización lexislativa de costumes e usos efectivamente vixentes no respectivo territorio autonómico, eventualidade, esta última, que resulta aínda máis clara visto o enunciado do referido artigo 27.4 do Estatuto de autonomía de Galicia, pois na idea de «institución» xurídica, presente en tal precepto, intégranse ou pódense integrar, con naturalidade, posibles normas consuetudinarias. En similar sentido pronunciáronse os distintos congresos de dereito galego, cando proclaman que a Compilación de 1963 non era a expresión completa do noso dereito civil e, pola contra, fóra dela pervivían moitas institucións que agardaban a súa incorporación ó dereito vixente.

A presente Lei de dereito civil de Galicia tenta, pois, desenvolver, en tódolos seus aspectos, aquelas

institucións xurídico-privadas que realmente estivesen vivas no dereito propio de Galicia. De seguro que existen institucións que a lei non regula e que teñen méritos propios para ser incorporadas ó dereito escrito de Galicia. Por iso, en previsión da existencia de tales institucións, pero tamén das dúbidas e dos problemas que a aplicación da presente lei puidese suscitar na práctica, establécese unha fórmula co fin de que se someta, cando se estime oportuno, como máximo no prazo de cinco anos, a unha avaliación o presente texto mediante o informe dunha ponencia especial, sen prexuízo da iniciativa parlamentaria que pode existir en calquera momento, de xeito que os grupos parlamentarios ou a Xunta de Galicia puidesen facer no seu día uso de oportunas iniciativas lexislativas que permitan a conservación, a modificación ou o desenvolvemento propio do dereito de Galicia.

Estamos ante un dereito vivo de Galicia. Nado nos campos galegos, como emanación singular dun rico dereito agrario, desbordado hoxe, incluso na vida cotiá das súas urbes. Lonxe da preocupación de calquera tentación arqueolóxico xurídica, a lei pretende regular institucións válidas para os intereses e as necesidades do pobo galego. As comunidades de montes veciñais en man común, as de augas, as agras e os vilares teñen unha regulación específica. A dúbida sobre a posible incorpora-

ción dunha regulación dos muíños de herdeiros como unha institución viva do dereito galego levou á Ponencia ó convencemento da oportunidade da súa inclusión, por canto pode ter de interese como elemento de interpretación e integración dun sistema xurídico-civil propio de Galicia. O título dedicado ás serventías ocupa un ancho e longo espazo, xa que as relacións de veciñanza e a propia configuración do sistema agrario galego así o aconsellan. En canto ós contratos, a parcería, o arrendamento rústico e o lugar acasurado teñen hoxe unha excelente vitalidade, o que aconsella a súa regulación por medio da presente lei.

Se vivo e expresivo dun dereito propio é o sinalado no parágrafo anterior, complétase a súa riqueza con aquelas institucións constitutivas dun réxime económico familiar con fórmulas específicas de dereito sucesorio, integradoras dunhas relacións xurídico-privadas de gran alcance, pois definen as formas familiares e o papel da casa no desenvolvemento non só do dereito galego, senón tamén de grandes elementos explicativos da cultura galega. Institucións como o vitalicio, tan vivo na realidade social galega, acadan agora un estatuto xurídico que as circunstancias do noso tempo reclaman.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro,

reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de dereito civil de Galicia.

Título preliminar

Artigo 1

O dereito civil de Galicia está integrado polos usos e costumes propios e polas normas contidas na presente lei, así como polas demais leis galegas que o conserven, desenvolvan ou modifiquen.

Artigo 2

1. Os usos e costumes notorios non requirirán proba. Son notorios, ademais dos usos e costumes compilados, os aplicados polo Tribunal Supremo, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou pola antiga Audiencia Territorial de Galicia.

2. O dereito galego interpretárase e integrárase desde os principios xerais que o informan, os usos, os costumes, a xurisprudencia e maila doutrina que encarna a tradición xurídica galega.

Artigo 3

1. Aplicaranse o Código civil e as demais leis civís comúns cando, ó faltar costumes e leis civís galegos, esas normas non se opoñan ós principios do ordenamento xurídico galego.

2. Non serán aplicables os usos e costumes cando fosen contrarios

a leis imperativas.

Artigo 4

O dereito civil galego terá eficacia no territorio da Comunidade Autónoma. Exceptúanse os casos nos que, conforme o dereito interrexional ou intenacional privado, deban aplicarse outras normas.

Artigo 5

1. A suxeición ó dereito civil de Galicia determinarase pola veciñanza civil, consonte o disposto no dereito civil común.

2. Os galegos que residan fóra de Galicia terán dereito a mante-la veciñanza civil galega consonte o disposto no dereito civil común e, en consecuencia, poderán seguir suxeitos ó dereito civil de Galicia.

Título I

Da situación de ausencia non declarada

Artigo 6

Na situación de ausencia non declarada xudicialmente, para os actos e negocios de administración que non admitan demora, o cónxuxe non separado legalmente, os descendentes e mailos ascendentes, por esta orde, con capacidade xurídica plena, maiores en idade en relación cos do seu grao, representarán ó ausente mentres a citada situación permaneza.

Artigo 7

Os bens do ausente a que se refire o artigo anterior serán aproveitados polo cónxuxe e, no seu defecto, polas persoas referidas nese artigo, de acordo coa mesma prelación e coa obriga de render contas.

Artigo 8

Nos casos referidos anteriormente, o representante do ausente percibirá, como mínimo, o vinte-cinco por cento dos froitos netos dos bens que governe.

Título II

Da casa e da veciña

Artigo 9

A casa petrucial e os seus anexos constitúen un patrimonio indivisible.

Artigo 10

Os petrucios dunha parroquia constitúen a veciña, que administra os bens en man común, segundo o costume ou consonte o acordado pola maioría. Quedarán excluídos deste réxime os montes veciñais en man común, que se rexerán pola súa propia lexislación.

Artigo 11

A veciña reunirse polo menos unha vez ó ano cando, como e onde o acorde, e estará presidida polo vigairo ou petrucio de máis idade ou pola persoa escollida pola maioría dos petrucios. O pre-

sidente ten voto de calidade en caso de empate.

Artigo 12

O presidente chamará ós petrucios con tres días de antelación. De non o facer así, a veciña reunirse o 31 de decembro de cada ano, agás que houbese costume de xuntarse outra día.

Artigo 13

Na reunión anual da veciña, polo menos someteranse a aprobación as contas do ano anterior e fixaranse os plans ou obxectivos de actuación para o ano seguinte. Os acordos inusitados serán documentados.

Título III

Dereitos reais

Capítulo I

Comunidades

Sección 1.^a

Dos montes veciñais en man común

Artigo 14

Son montes veciñais en man común, e rexeranse pola súa lexislación específica, os que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades productivas, do seu aproveitamento actual e da súa

vocación agraria, pertenzan a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais, e non como entidades administrativas, e veñan aproveitándose consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños con casa aberta e con fume.

Sección 2.^a

Da comunidade en materia de augas

Artigo 15

1. O propietario dunha leira pode apraveita-las augas da chuvia, estancadas ou non, facendo saí-las sobrantas polo lugar acostumado.

2. Tamén pode apraveita-las subterráneas que nazan ou abrollen na súa leira, sempre sen prexuízo dos dereitos preexistentes.

3. As augas nacidas en montes en man común aproveitaranse segundo o costume, e as que alí abrollen segundo o que acorde o organismo representativo da comunidade veciñal de montes en man común.

Artigo 16

1. As augas de torna a torna ou pilla pillota aproveitaranse segundo o uso e, a pedimento dalgún dos usuarios ou partícipes, partíranse por horas, días ou semanas, en proporción á extensión que se

viñese regando.

2. Os aproveitamentos existentes presúmense inmemoriais e por acta notarial de presenza poderán ser inscritos no Rexistro da Propiedade.

Artigo 17

O disposto neste capítulo deixará a salvo o establecido na vixente lexislación de augas.

Sección 3.^a

Dos muíños de herdeiros

Artigo 18

Son muíños de herdeiros os de propiedade común indivisible dedicados a moer grans para consumo familiar e alimentación do gando dos seus copropietarios.

Artigo 19

1. O aproveitamento da cota indivisa na propiedade farase por pezas ou grupos de horas que acorden os copartícipes o nos días que establezan, e, no seu defecto, polo que fose costume, sendo exclusiva de cada herdeiro a cota asignada e, polo tanto, susceptible de permuta, alleamento ou arrendo, facendo seus os froitos ou utilidades que produza.

2. Os copropietarios contribuirán proporcionalmente ós custos de conservación e reparación do edificio, da maquinaria e do aproveitamento da auga, sen que

entre eles haxa que pagar maquia.

3. Os copropietarios poderán exercita-lo dereito de retracto, no caso de transmisión *inter vivos*, da peza ou parte da peza da que outro partícipe dispuxese.

Artigo 20

1. Calquera modificación no uso e aproveitamento respectará o dereito de cada partícipe e requirirá o voto favorable da maioría que posúa a meirande parte do uso e aproveitamento.

2. Os acordos da maioría que modifiquen o uso e aproveitamento serán executivos, pero impugnables nos trinta días seguintes ó acordo ou á notificación.

Sección 4.^a

Das agras e dos vilares

Artigo 21

1. A propiedade sobre as leiras integrantes da agra ou vilar levará inherente un dereito de copropiedade sobre os seus valos e cercados.

2. As partes en copropiedade non poderán ser alleadas ou gravadas con independencia das terras das que se reputan elementos anexos e inseparables, e na transmisión, por calquera título, do dominio dalgunha delas entenderase comprendida a cota de participación en tales elementos.

Artigo 22

De non haber pacto ou normas específicas de concentración parcelaria, o uso rexerá o aproveitamento e, en xeral, as relacións xurídicas dos propietarios das leiras que integren a agra ou o vilar.

Artigo 23

O propietario ou a persoa que utilice a agra, no seu nome ou por título distinto, e use a parcela ou parcelas sen respecta-los usos indemnizará polos danos e perdas ocasionados.

Artigo 24

Ningún propietario ou persoa que a título distinto utilice a leira ou leiras da agra estará obrigado a pagar melloras, novos servicios ou instalacións, pero non as poderá aproveitar sen antes paga-lo que lle corresponda á súa leira ou leiras.

Capítulo II

Servidumes e serventías

Sección 1.^a

Da servidume de paso

Artigo 25

A servidume de paso adquirese por lei, por dedicación do dono do predio servente ou por negocio xurídico bilateral, calquera que sexa a forma na que aquel se expresase. Igualmente, pódese adquirir pola súa posesión pública,

pacífica e ininterrompida durante o prazo de vinte anos, que comezará a contarse desde o momento en que empezase a exercitarse.

Artigo 26

1. Os dereitos e as obrigas dos titulares dos predios dominante e servente virán determinados polo disposto no título constitutivo e, na servidume adquirida por usucapión, pola posesión.

2. No caso de dúbida, a servidume entenderase constituída de maneira que satisfaga as necesidades do predio dominante co menor prexuízo para o fundo servente.

Artigo 27

1. Non poderá o titular do predio dominante agravar de ningún xeito a servidume nin o do predio servente realizar ningún acto que supoña menoscabo do seu exercicio. Sen embargo, non se considerará agravación a adecuación dos medios de transporte ós avances técnicos, sempre e cando non se cause prexuízo apreciable na condición do fundo gravado.

2. Cando unha servidume de paso chegase a ser insuficiente para as necesidades do predio dominante, o dono deste poderá pedi-la súa ampliación na medida en que tales circunstancias o esixisen, sempre que o estado do predio servente o permita sen grave prexuízo e logo de indemnización.

O aumento de necesidades poderá ser debido ás modificacións introducidas no fondo dominante de acordo co seu destino e mellor uso e explotación.

Artigo 28

A servidume de paso extinguirase:

a) Por se reunir nunha mesma persoa a propiedade dos fondos dominante e servente. Para estes efectos será suficiente a adquisición da porción de terreo afectado polo paso, quedando liberado da servidume o resto do predio gravado.

b) Por non uso durante o prazo de vinte anos.

c) Por renuncia do titular do predio dominante.

Artigo 29

1. A imposibilidade de usa-la servidume non produce a súa extinción en canto non transcorra o prazo de vinte anos.

2. Ata o transcurso do devandito prazo tampouco se extinguirá por falta de utilidade no exercicio. Sen embargo, se a servidume deviñese inútil por non lle reportar vantaxe ningunha ó predio dominante, o titular do predio servente poderá solicita-la suspensión do exercicio en tanto a servidume non recobre a utilidade ou non transcorra o prazo legal de extinción.

Das serventías

Artigo 30

O paso que se efectúa sobre un terreo que non teña carácter público e do que non conste o dominio ou a identidade individualizada dos que o utilizan será considerado serventía ou servizo, calquera que fose o que cada un dos usuarios ou causantes cedese para a súa constitución ou establecemento.

Artigo 31

Presúmese serventía ou servizo se as leiras forman ou formaron parte do agro, agra ou vilar, e se se proba o uso continuo.

Artigo 32

O exercicio de paso para a realización das faenas agrícolas en leiras ou parcelas dentro da agra ou vilar practícarase do modo e da forma que se derivase do costume do cultivo á mesma man ou folla, arró, cómaro ou ribazo. Quen cambiase o cultivo respecto da xeneralidade non poderá realizar, en tanto estivesen pendentes as colleitas, outro paso que o de a pé polo lugar por onde non cause prexuízo para os outros.

Capítulo III

Do cómaro, ribazo ou arró

Artigo 33

O cómaro, ribazo ou arró e os

muros de contención de leiras estremeiras sitas a distinto nivel ou socalcos suponse que forman parte do predio sito no plano superior.

Título IV

O retracto de graciosa

Artigo 34

En tódolos casos de execución patrimonial sobre bens de natureza agraria, o debedor executado que tivese a condición de profesional da agricultura poderá retraer definitivamente os bens adxudicados no prazo de trinta días a partir da data de notificación da adxudicación, mediante o pagamento do prezo e gastos de lexítimo aboamento. O organismo que fixo a adxudicación notificaralla ó debedor dentro do terceiro día e desde este intre iniciárase o cómputo do prazo para o exercicio da acción retractual.

Título V

Contratos

Capítulo I

Dos arrendamentos rústicos

Sección 1.^a

Normas xerais

Artigo 35

Os arrendamentos de predios

rústicos rexeranse polos pactos libremente establecidos entre as partes, polas normas deste capítulo e, no seu defecto, polos usos e costumes que lles sexan aplicables.

Artigo 36

1. O obxecto do contrato será o uso e aproveitamento dos predios rústicos e os bens inmoables vinculados a eles, no seu destino agrícola, pecuario ou forestal.

2. Convido un tipo de cultivo ou aproveitamento, o arrendatario non poderá modificalo pola súa soa vontade. En defecto de pacto, será o que se infira do destino do predio arrendado no momento do arrendamento.

3. Os aproveitamentos secundarios do predio pertenceranlle ó arrendatario, agás pacto ou costume en contrario.

Artigo 37

1. A renda será a que libremente estipulen as partes, que poderán acorda-lo correspondente sistema de actualización.

2. O pagamento efectuarase na forma, tempo e lugar pactados. En defecto de pacto ou costume aboabase en metálico, por anos vencidos e no domicilio do arrendador.

3. As partes poderán convir que a renda consista, en todo ou en parte, na mellora do predio arrendado.

Artigo 38

O contrato de arrendamento será obrigatorio calquera que sexa a forma na que se celebre. Sen embargo, as partes poderanse compeler reciprocamente á súa formalización en documento privado ou público, por conta de quen o solicite.

Artigo 39

A duración do arrendamento será a que libremente e de común acordo estipulen as partes contratantes ou, no seu defecto, polo tempo de dous anos agrícolas.

Artigo 40

1. O prazo de duración fixado no contrato só é prorrogable por acordo expreso das partes.

2. Non obstante, entenderase prorrogado tacitamente o contrato se polo menos con seis meses de antelación ó remate deste, ou ó de calquera das súas prórrogas, ningunha das partes contratantes lle manifestase á outra, mediante a correspondente notificación, a súa vontade de que o arrendamento conclúa.

Estes períodos de prórroga terán unha duración de dous anos agrícolas.

Artigo 41

O arrendatario non poderá subarrendar ou ceder en todo ou en parte o predio arrendado sen o consentimento expreso do arrendador.

Artigo 42

1. O arrendador debe realiza-las obras e reparacións necesarias co fin de mante-lo predio en estado de servizo, aproveitamento ou explotación ó que foi destinado, sendo a cargo do arrendatario aquelas que deriven do uso e desfrute ordinario del.

2. As reparacións extraordinarias serán sempre a cargo do arrendador, quen deberá ser advertido da súa necesidade polo arrendatario.

Artigo 43

1. Calquera dos contratantes poderá realiza-las melloras útiles de que sexa susceptible o predio segundo o seu destino. Para isto deberalle comunicar previamente á outra parte este propósito, e non poderá efectualas se constase a súa oposición expresa no prazo de quince días.

2. As devanditas melloras poderán ser compensadas economicamente ou mediante prórroga do arrendamento, segundo acordo das partes, tendo en conta o valor actualizado ó momento en que o contrato finalice.

Artigo 44

Serán de cargo do arrendador as contribucións e os impostos de carácter real que recaian sobre o predio, e poderá repercutir sobre o arrendatario a metade dos incrementos que se poidan producir con posterioridade á celebración do

contrato.

Artigo 45

O arrendatario saínte débelle permitir ó entrante ou ó propietario, se é o caso, os actos necesarios para a realización dos labores preparatorios do ano agrícola seguinte e, reciprocamente, o entrante ou o propietario teñen a obriga de lle permitir ó saínte o necesario para a recolección e o aproveitamento de froitos, aténdose en todo caso ó costume do lugar.

Artigo 46

O arrendamento extinguirase:

1) Polo vencemento do prazo estipulado e o das súas prórrogas.

2) Por perda ou expropiación da leira arrendada.

3) Por morte ou invalidez do arrendatario, quedando a salvo o dereito dos seus sucesores lexítimos ou, no seu defecto, familiares que convivisen con el e o auxiliáisen na explotación da leira ou leiras arrendadas. Os sucesores ou familiares terán que escoller entre eles, por maioría, o que se subrogará nas condicións e nos dereitos do arrendatario falecido ou que caese en eiva. O viúvo ou a viúva con fillos menores terán mellor dereito.

Artigo 47

1. A instancia do arrendador poderase resolve-lo arrendamento polas seguintes causas:

a) Falta de pagamento da renda.

b) Non respecta-lo destino ou tipo de cultivo pactado.

c) Non explota-la leira durante o período de polo menos dous anos consecutivos.

d) Grave incumprimento das obrigas pactadas.

e) Causar dolosa ou culposamente danos graves na leira.

f) Subarrendo ou cesión incontestada.

2. A instancia do arrendador non propietario:

Ó extinguirse o dereito que o arrendador tiña sobre a leira. Sen embargo, subsistirá o arrendamento ata o remate do ano agrícola en curso.

Artigo 48

O alleamento da leira non será causa de resolución do contrato, sub-rogándose o adquirente en tódalas obrigas do arrendador.

Artigo 49

1. No caso de transmisión a título oneroso do predio rústico arrendado, poderá o arrendatario que estea a cultivalo de modo persoal exercita-lo dereito de tanteo dentro dos trinta días seguintes á notificación fidedigna que, para tal efecto, lle realice o arrendador, indicándolle o prezo ofrecido e as demais condicións da transmisión.

2. En defecto de notificación

terá o arrendatario un dereito de retracto durante outros trinta días a partir da data na que, por calquera medio, tivese coñecemento da transmisión e das condicións reais en que se fixo.

3. Estes dereitos serán preferentes a calquera outro de adquisición, agás o retracto de lindantes para predios de cabida non superior a unha hectárea e o dos coherdeiros e comuneiros.

4. Exercitados estes dereitos, non poderá o arrendatario ou o seu causante allear total ou parcialmente o predio ata que transcorran tres anos polo menos desde a súa adquisición, nos que deberá ser cultivado de modo persoal, con facultade de reverter para o comprador retractado se se dese incumprimento do disposto.

5. Cando se transmitan conxuntamente leiras arrendadas con outras que non o estivesen, faranse constar separadamente os prezos dunhas e doutras para os efectos do exercicio do dereito de retracto.

6. Só cabe renunciar a estes dereitos desde o momento en que poidan ser exercitados.

7. Exclúese o seu exercicio nos arrendamentos que teñan por obxecto terreos a pasto, prado e, en xeral, calquera aproveitamento secundario ou que sexan de duración inferior ó ano agrícola.

Do arrendamento do lugar acasariado

Artigo 50

Con carácter xeral, e sen prexuízo das aplicacións concretas que se especifican nesta lei, entenderase por lugar acasariado o conxunto que, formando unha unidade, comprende a casa de labor, as edificacións, as dependencias e os terreos, aínda que non sexan lindantes. Inclúe, así mesmo, toda clase de gando, maquinaria, apeiros de labranza e instalacións que constitúan unha unidade orgánica de explotación agraria, forestal ou mixta.

Artigo 51

1. Este arrendamento terá unha duración mínima de cinco anos, agás denuncia do contrato polo arrendatario, notificada de maneira que lle faga fe ó arrendador con máis de seis meses de antelación á data na que desexe dalo por rematado.

2. O prazo de duración fixado no contrato só é prorrogable por acordo expreso das partes ou, tacitamente, por anos agrícolas de non mediar notificación na forma e no prazo previstos no apartado anterior.

Artigo 52

Durante a vixencia do contrato non poderá excluírse do lugar acasariado, por vontade do arrendador, ningunha das leiras ou dos elementos que o constitúan.

Artigo 53

1. O arrendatario terá dereito de tanteo e de retracto, nos termos do artigo 49 da presente lei, que recaerán sobre tódalas leiras arrendadas ou as que o arrendador allease.

2. Os dereitos de tanteo e retracto do lugar acasariado que puidese exercita-lo arrendatario, en caso de transmisión onerosa do lugar, recaerán sobre a súa totalidade.

Estes dereitos do arrendatario sobre o lugar acasariado serán preferentes con respecto a calquera outro de adquisición, agás o do coherdeiro e o do copropietario.

3. Se se allease separadamente algunha das leiras ou elementos integrantes do lugar, o arrendatario poderá exercitar tales dereitos segundo a orde preferente establecida.

Artigo 54

1. Exercitados estes dereitos, o arrendatario quedará suxeito en tódolos seus termos ó establecido no apartado 4 do artigo 49, tanto respecto do lugar no seu conxunto coma das súas partes individuais.

2. No tocante á súa renuncia, aplicarase tamén o sinalado no apartado 6 do mesmo artigo.

Artigo 55

1. O caseiro que por si ou polos seus causantes usase e aproveitase o lugar durante trinta anos ou máis terá dereito a adquirilo polo prezo

do mercado e, no caso de non existir acordo, este será fixado xudicialmente.

2. Exercitado este dereito, non poderá o arrendatario ou o seu causante allear total ou parcialmente o lugar acasurado ou calquera dos inmobles que o constituían ata que transcorran seis anos desde a súa adquisición, nos que deberá ser cultivado de modo persoal, con facultade de reverter ó arrendador se se dese incumprimento do disposto.

Artigo 56

Cando o arrendamento teña por obxecto exclusivamente unha explotación gandeira xa preexistente ou un aproveitamento forestal, sexa nun monte veciñal en man común ou noutro monte calquera, rexerase polos pactos libremente acordados entre as partes, polas súas normas específicas, se as houbese, e, no seu defecto, polas normas deste capítulo ou, subsidiariamente, polas normas do dereito civil estatal.

Capítulo II

Das parcerías

Sección 1.ª

Disposicións xerais

Artigo 57

A cesión por un contratante a

outro do desfrute de certos bens, convido en repartirse en partes alícuotas os froitos ou rendementos, rexerase polo título constitutivo e, no non previsto por el, polos usos e costumes locais e, no seu defecto, polas normas deste capítulo.

Artigo 58

1. O contrato de parcería será obrigatorio calquera que sexa a súa forma.

2. Se fose verbal, calquera das partes poderá pedir que se formalice por escrito, facéndose cargo dos custos a parte solicitante.

3. Practicarase nos enderezos contractuais cantas comunicacións se lles deban facer ás partes.

Artigo 59

1. A duración da parcería será a que libremente e de común acordo estipulen as partes contratantes.

2. A parcería acordada sen fixación de prazo entenderase concertada polo ciclo das follas do ano agrícola, equivalente a dous anos naturais, e rematará, segundo os lugares ou as comarcas, o día que determine o costume do lugar.

Artigo 60

Son obrigas do cedente:

- a) Entregar leiras, gando e canto constituía a súa contribución.
- b) Garantirlle ó colono o desfrute

te pacífico e útil do contribuído.

c) Satisface-la parte que lle corresponda, segundo pacto, uso ou costume, de contribucións, seguros, sementes, adubos e outros elementos necesarios para obter os produtos propios do destino da leira.

Artigo 61

Son obrigas do parceiro:

1) Entrega-la parte alícuota dos produtos que lle corresponda no lugar, prazo e forma convidos.

Para tal efecto comunicarlle ó cedente ou ó seu representante, coa suficiente anticipación, a data sinalada para a recolección dos produtos obtidos. Se, dado o aviso, non comparecese o cedente ou un representante na data sinalada, o parceiro poderá levanta-la colleita e adxudicarse a parte que lle corresponda.

2) Usa-las terras de acordo co previsto no contrato, destinándoas ó cultivo ou á explotación convidos ou, no seu defecto, ó máis conforme coa súa natureza, e obter os rendementos correspondentes á dilixencia dun bo labrador.

3) Devolve-las terras, ó concluída a parcería, tal e como se recibiron, coas súas accesións e salvo os menoscabos que se producisen pola súa utilización ó uso de bo labrador.

A falta de expresión do estado das terras ó tempo de concertarse a par-

cería, presúmese que se recibiron en bo estado, agás proba en contra.

Artigo 62

1. O prazo de duración fixado no contrato só é prorrogable por acordo expreso das partes.

2. Reconducirase tacitamente e por dous anos se con seis meses de antelación ó remate do prazo fixado ou da súa prórroga non se denunciase o contrato ou a devandita prórroga.

3. Na parcería pecuaria este prazo será de tres meses.

Artigo 63

A parcería extínguese:

1) Por cumprimento do prazo estipulado ou das súas prórrogas.

2) Pola perda da leira cedida.

Artigo 64

1. Son causas de resolución do contrato de parcería:

a) Non destina-lo parceiro a leira ó cultivo ou á explotación convidos.

b) Incumprimento grave das obrigas a cargo de calquera das partes.

c) Deslealdade ou fraude por parte do parceiro na valoración ou entrega ó cedente da parte de froitos que lle corresponda.

d) Dano grave causado dolosa

ou culposamente polo parceiro nas terras ou nas colleitas.

e) Extinción do dereito que o cedente tiña sobre a leira, se ben subsistirán os efectos da parceria ata o remate do ano agrícola en curso.

2. O alleamento non resolverá o contrato de parceria.

3. Se a explotación constituíse o único medio de vida do parceiro e os eventos sinalados no punto 1 deste artigo se producisen no último semestre do ano agrícola, o parceiro terá dereito a que lle prorroguen a parceria por todo o ano agrícola seguinte.

Artigo 65

A morte ou a inutilidade permanente do parceiro para o traballo non serán causa de extinción da parceria, que poderá ser continuada por aquelas persoas e nas mesmas condicións que se relacionan no artigo 46.3 da presente lei. En todo caso, a parceria subsistirá ata o remate do correspondente ano agrícola.

Artigo 66

O cedente e o parceiro están obrigados a realizar nos predios as obras e reparacións que para arrendador e arrendatario establece o artigo 42 desta lei.

Artigo 67

O cedente e os parceiros entrantes e saíntes deberanse ater, en canto á preparación de labores nos predios e utilización das súas

dependencias, ó previsto para arrendador e arrendatario no artigo 45 da presente lei.

Sección 2.^a

Da parceria agrícola

Artigo 68

Poden ser obxecto de parceria agrícola os predios rústicos de calquera clase, sen que perda tal carácter polo feito de comprender a casa de labor e as súas dependencias.

Artigo 69

Non se altera a natureza do contrato se varios titulares de predios rústicos concertan entre si ou con terceiros o uso ou desfrute daqueles convido repartirse os produtos por partes alícuotas.

Artigo 70

No caso de transmisión a título oneroso dun predio cedido en parceria, o parceiro que estea a cultivalo persoalmente poderá exercitalo dereito de tanteo e, se é o caso, o de retracto cos mesmos requisitos, condicións e efectos que para os arrendatarios se establecen no artigo 49 desta lei.

Sección 3.^a

Da parceria do lugar acasarado

Artigo 71

1. O obxecto da parceria do lugar acasarado é o conxunto de

elementos que constitúen unha unidade orgánica de explotación, segundo o establecido no artigo 50 da presente lei.

2. Respecto da súa integridade aplicarase o disposto no artigo 52 da presente lei.

Artigo 72

O dono ou cedente poderalle proporcionar ó parceiro do lugar acasariado apeiros, maquinaria e gando. De non o facer, poderase fixa-la cantidade de froitos que o parceiro debe como mercé pola casa, dependencias, prados e montes.

Artigo 73

Corresponderanlle ó dono, ademais da parte acordada en produtos agrícolas, pecuarios e forestais, as árbores secas ou derrubadas por forza maior que fosen madeirables, cando non se precisasen para a reparación ordinaria dos elementos constitutivos desta parcería, así como o toxo e demais arbustos que non fosen precisos para o cultivo do lugar, e os produtos das demoucas e das entresacas que teñan valor madeirable, se non fosen necesarios para a conservación da casa e das súas dependencias.

Artigo 74

O cedente contribuirá coas árbores, vides e o demais que sexa usual para as primeiras plantacións, de se faceren co seu consentimento, e pagará os gastos das demoucas e fornecerá as máqui-

nas, os instrumentos e os apeiros maiores.

Artigo 75

1. Os gastos de corta de árbores que se vendan como madeirables serán a cargo do cedente.

2. Cando o parceiro, por si mesmo ou polos seus ascendentes, fíxese a plantación e siga desde entón na explotación do lugar acasariado, terá dereito á metade do produto neto da venda, a non ser que exista pacto distinto entre as partes. Se cesase nela, terao sobre o valor estimado das árbores en condicións de ser vendidas existentes no tempo de extinción da parcería.

Artigo 76

Serán de conta exclusiva do parceiro, ademais dos traballos ordinarios que requira a eficaz explotación do lugar acasariado:

1) Efectua-las cortas de árbores secas ou derrubadas. O parceiro aproveitará os montes na cantidade necesaria para a explotación do lugar.

2) Os transportes para as reparacións ordinarias dos predios e edificios do lugar acasariado, ou dos froitos ó lugar fixado polo propietario, sempre que o sexa dentro do mesmo termo municipal.

3) Limpa-las foxas, gabias e canles e repara-los cercados.

Artigo 77

1. O cedente e o adquirente achegarán a parte correspondente das sementes proporcionalmente ó que cada un represente nos froitos.

2. Tamén pagarán, na mesma proporción, os seguros das colleitas e os gastos que se orixinen para combater as enfermidades das plantas e dos froitos.

3. Serán por conta exclusiva do cedente as contribucións e os impostos de carácter xeral que graven os predios do lugar acasado.

Artigo 78

No caso de transmisión a título oneroso da totalidade ou partes individualizadas dun lugar acasado, o parceiro poderá exercitalos dereitos de tanteo e, se é o caso, de retracto, cos mesmos requisitos, condicións e efectos que para os arrendatarios dun lugar se establecen no artigo 49 da presente lei.

Sección 4.^a

Da parcería pecuaria

Artigo 79

1. Poden ser obxecto da parcería pecuaria os animais susceptibles de aproveitamento na agricultura, industria e comercio.

2. Sen prexuízo doutros medios de proba admitidos en dereito, para a súa formalización abondará con que cada parte leve unha libreta, na que a contraparte anotará as

partidas de crédito e débeda, con expresión da data e da causa.

Artigo 80

Non poderá poñerse a cargo do mantedor ou parceiro adquirente a totalidade do risco de perda do gando, nin pactar unha meirande parte nas ganancias do poñedor ou cedente, nin que reciba ó liquidar a parcería, ademais da parte que lle corresponda, máis do que achegou, nin que o releven de evicción e saneamento.

Artigo 81

1. A valoración do gando proporcionado ó comeza-la parcería farase por mutuo acordo das partes e, a falta deste, realizarase polo valor máis alto que se ofrezca por el, acudindo á feira ou ó mercado gandeiro máis próximo ó lugar e á data na que a parcería quedou constituída ou, no seu defecto, polo prezo de referencia do mercado na mesma data.

2. Ó se extingui-lo contrato repetirase cos mesmos criterios a devandita valoración e repartirase por igual entrámbalas partes o beneficio obtido ou a perda sufrida.

Artigo 82

De non haber pacto sobre o prazo, entenderase acordado por un ano, que se prorrogará polo mesmo tempo, e así sucesivamente ata que calquera das partes denuncie o contrato, notificándoo de maneira que faga fe con máis

de tres meses de antelación.

Artigo 83

O cedente está na obriga de entregar san o gando obxecto de contrato no lugar e tempo acordados.

Artigo 84

O adquirente ou mantedor está obrigado a lle dar ó gando os coitados acostumados que requira e a responder da perda dos animais. Cando a perda sexa total e non fose debida a caso fortuíto ou forza maior, o parceiro poñerá inmediatamente a disposición do cedente a pel e os restos e aboarella a metade da perda do valor do gando ó tempo de se liquida-la parcería.

Artigo 85

A falta de pacto en contrario, correspóndenlle ó parceiro:

1) Os produtos de cabana, esterco e traballo dos animais; pero se estes estivesen adscritos ó cultivo do lugar acasurado ou dun grupo de leiras que constitúan un só labor, o traballo e esterco deben ser destinados exclusivamente ó cultivo de tales leiras.

2) A metade da cera e mel, así como tamén a do valor das crías vendidas e a do aumento que acaden os animais. A outra metade pertencelle ó propietario.

Artigo 86

O parceiro deberalle dar aviso ó

cedente con quince días de antelación ó fixado para o tosquío ou a extracción do mel. Se, malia ese aviso, na data fixada este non comparecese, o parceiro poderá proceder a realízalos, retendo en depósito a parte correspondente ó propietario.

Artigo 87

O parceiro poderá proceder ó alleamento dos animais da parcería e ó das súas crías, logo de lle dar conta ó cedente das condicións daquel.

Artigo 88

O parceiro non poderá, sen consentimento do cedente, servirse dos animais de ceba en ningún traballo nin alugar ou ocupa-los animais cedidos para lles facer carreos a estraños, agás servicios benévolos e de boa veciñanza.

Sección 5.^a

Da parcería forestal

Artigo 89

Na parcería forestal, o dono de certas leiras de vocación forestal, sen cede-la súa directa posesión e o seu aproveitamento, concerta o coidado e a vixilancia delas cunha ou varias persoas para que estas atendan e vixíen as plantacións arbóreas existentes ou que se poidan crear, outorgándolle en troques ó parceiro os aproveitamentos secundarios que se determinen

e a parte alícuota que se especifica cando se proceda á venda das árbores que coídase ou que axudase a plantar.

Artigo 90

1. A parceria de novas plantacións ten por obxecto a creación, o mantemento e a posterior participación en plantacións de arboredo.

2. Terá a duración que as partes libremente conveñan. Se non se tivese prazo sinalado, entenderase concertada por un período de vinte anos.

3. Non obstante, o parceiro poderá dala por rematada cando lle conveña, avisando á outra parte, polo menos, con seis meses de antelación.

Artigo 91

Son obrigas do parceiro:

1) Coidar e vixia-la plantación coa dilixencia dun bo labrego.

2) Face-las reparacións usuais e as limpeza precisas nos cercados e valados.

3) Realiza-las demoucas ordinarias nas árbores, como tamén as entresacas precisas que o dono ordenase.

Artigo 92

Son obrigas do dono:

1) Permitirlle ó parceiro a entrada nas leiras para utilización dos aproveitamentos secundarios que

se acordasen.

2) Paga-las contribucións e os impostos que graven as leiras.

3) Paga-la parte proporcional dos seguros que amporen o arboredo.

4) Satisface-la totalidade dos gastos que orixinen as plantacións e o seu valado ou a parte proporcional correspondente, segundo os casos.

Artigo 93

O parceiro, de non existir pacto en contra, terá dereito ós seguintes aproveitamentos secundarios:

1) Recoller e utiliza-la folla que caia das árbores, como tamén as pólas tronzadas por mor de accidentes atmosféricos, sempre que non teñan valor madeirable.

2) Aproveita-los esquilmos, como tamén as leñas que se obteñan de entresacas e demoucas ordenadas polo dono, sempre que non teñan valor madeirable, así como os fungos e cogomelos.

3) Leva-lo seu gando a pacer nos predios, cando iso non redunde en prexuízo das plantacións.

Artigo 94

1. Ó se extingui-la parceria, procederase a facer unha liquidación do que poida corresponderlle ó parceiro pola súa participación no arboredo, para o que se determinará o valor deste, con indepen-

dencia do que teña o solo, ben sexa por mutuo acordo ou de xeito contradictorio, e satisfaráselle a parte correspondente.

2. Se ó cumprirse o prazo dos vinte anos non lle convíñese ó cedente acceder á venda das árbores, procederase a determinalo seu valor de acordo co sinalado no apartado anterior e a realiza-lo correspondente aboamento ó parceiro, co que quedará liquidada a parcería.

Capítulo III

O vitalicio

Artigo 95

1. Polo contrato de vitalicio unha ou varias persoas obríganse, verbo doutra ou outras, a prestar alimentos na extensión, amplitude e termos que conveñan en troques da cesión ou entrega de bens polo alimentista.

2. En todo caso, a prestación alimenticia abranguerá o sustento, a habitación, a vestimenta e a asistencia médica do alimentista, así como as axudas e os coidados, mesmo os afectivos, axeitados ás circunstancias das partes.

Artigo 96

1. As normas deste capítulo serán aplicables calquera que fose a cualificación xurídica que as partes lle atribuísen ó contrato.

2. Este contrato formalizarase en documento público.

Artigo 97

A obriga de prestar alimentos subsistirá ata o falecemento do alimentista, agás que se acorde outra cousa, e será transmisíble ós herdeiros ou legatarios do obrigado a satisfacelos.

Artigo 98

1. A instancia do cesionario, o contrato poderase resolver en calquera tempo, logo de notificación con seis meses de antelación.

2. Cando, segundo o disposto no número anterior, se resolva o contrato, o cesionario terá dereito á metade das ganancias obtidas co seu traballo.

Artigo 99

1. O alimentista poderá rescindi-lo contrato nos seguintes casos:

a) Conducta gravemente inxuriosa ou vexatoria do obrigado a prestar alimentos.

b) Incumprimento total ou parcial da prestación alimenticia, sempre que non sexa imputable ó seu receptor.

c) Cando o cesionario non coidase ou non atendese no necesario ó cedente, segundo a posición social e económica das partes e en todo canto faga posible o capital cedido, na procura do mantemento da súa calidade de vida.

d) Polo non cumprimento do

demais pactado.

2. Nos casos ós que se refiren os apartados do número anterior, a rescisión levará consigo, en defecto de pacto contrario, a obriga de indemniza-los gastos ocasionados, que poderán ser obxecto de compensación total ou parcial cos froitos percibidos dos bens obxecto de cesión. En todo caso, e a falta de acordo entre as partes, haberá que aterse ó que determine a correspondente resolución xudicial.

Título VI

Da compañía familiar galega

Capítulo I

Constitución da compañía

Artigo 100

1. A compañía familiar galega constitúese entre labregos con vínculos de parentesco, para viviren xuntos e explotaren en común terras, lugar acasado ou explotacións pecuarias de calquera natureza pertencentes a todos ou a algún dos reunidos.

2. A compañía familiar galega constitúese de calquera dos xeitos ou das formas admitidas en dereito. A dita constitución deberá necesariamente documentarse no momento en que calquera dos contratantes así o solicite.

3. Rexerase polo título constitu-

tivo, polo uso ou costume do lugar e polas normas desta lei.

Artigo 101

1. Cando un labrego case para a casa un parente, entenderase, agás pacto en contra, constituída a compañía familiar galega.

2. Por casar para a casa enténdese o feito de se integrar un novo matrimonio na vida comunitaria dun grupo familiar xa constituído.

3. A dita integración deberá necesariamente documentarse no momento en que o solicite calquera das partes.

Artigo 102

Son bens sociais da compañía:

1) Os achegados polos socios e os adquiridos a título oneroso por conta do capital común, mentres dure a compañía.

2) Os froitos, as rendas, as ganancias e os intereses percibidos ou debidos durante o mesmo tempo, procedentes dos bens sociais.

3) As edificacións, reconstrucións, plantacións e calquera tipo de mellora feita nos bens sociais.

4) Calquera outro que as partes acorden.

Artigo 103

Son cargas da compañía:

1) Os gastos de manenza, vestimenta, instrucción, asistencia médica e enterro, tanto dos asocia-

dos coma das persoas constituídas na súa potestade.

2) Os gastos de administración, cultivo, contribucións e impostos, seguros, rendas e cargas reais dos bens sociais.

3) As débedas contraídas polos administradores ou por calquera dos socios, se o importe delas se investiu en beneficio da compañía, e os réditos das devanditas débedas.

4) As reparacións e os custos das melloras de calquera especie que se fagan nos bens sociais.

5) Os gastos e as custas dos preitos seguidos para defende-los bens sociais.

6) Os gastos que fagan os socios en beneficio común, así como as obrigas que de boa fe contraesen para os negocios.

7) Calquera outra que as partes acorden e conste documentalmente.

Capítulo II

Da administración da compañía

Artigo 104

Correspóndelle a administración da compañía á persoa que determine o contrato de constitución. En todo o non previsto nel, así como nas compañías constituídas tacitamente, corresponderalle sucesivamente ó petrucio, á súa viúva ou a quen de modo notorio a exerza.

Artigo 105

Son facultades do petrucio ou, se o caso, do socio administrador:

1) A dirección e representación da sociedade.

2) Adquirir para ela e obrigarse no seu nome.

3) Dispoñer dos semoventes e bens mobles sociais.

Artigo 106

Son causas de modificación da compañía:

a) O pasamento dalgún dos socios, aínda cando os seus herdeiros convivan e opten por permanecer na sociedade.

b) A declaración de incapacidade, prodigalidade, concurso ou creba e a ausencia, por máis de un ano, non motivada pola xestión social.

c) A renuncia ou cesión de dereitos en favor doutro membro da compañía, como tamén a retirada do capital ou o feito de o allear, sen causa xustificada.

d) O ingreso dun socio noutra compañía ou o casamento con desvinculación dela.

e) A incorporación ou a separación dalgún socio.

Artigo 107

1. En tódolos supostos de modificación da compañía, agás pacto en contra, o socio separado ou os que del traían dereito non poderán retirar-los seus bens propios nin a

parte que lles correspondese nos sociais ata que rematen as operacións pendentes e a recolleita dos froitos, sempre que a realización destas non supere o ano.

2. Neste suposto os demais socios terán o dereito de retracto, polo mesmo prezo e condición, que caducará ós trinta días da notificación do acto dispositivo e do seu prezo e condicións.

Artigo 108

No caso de cesión ou alleamento a título oneroso da participación da compañía a un terceiro, antes de liquidala e de realiza-las adxudicacións, poderá calquera socio sub-rogarse no lugar do comprador ou cesionario, reembolsándolle o prezo e os gastos de lexítimo aboamento. Este dereito poderá exercitarse no prazo dos trinta días seguintes á notificación da transmisión e das súas condicións.

Artigo 109

A compañía familiar galega extinguirase:

- 1) Por acordo de tódolos socios.
- 2) Polo pasamento ou pola renuncia dos socios, cando non queden, polo menos, dous que non constituían matrimonio.
- 3) Polo matrimonio entre si de dous socios únicos ou pola refundición de tódolos dereitos sociais nos dous cónxuxes.

4) Pola declaración de concurso ou creba que afecte a todos.

Capítulo III

Da liquidación da compañía

Artigo 110

1. Modificada a compañía, practicarase a liquidación parcial para fixa-lo haber de cada un no momento da modificación, co fin de determinar e adxudica-la súa participación ó que cause baixa ou ós que del traian dereito.

2. Faltando estas liquidacións parciais, cando se faga a liquidación final da compañía e non se probe que bens eran propios dela antes da súa modificación, reputaranse sociais os indeterminados e dividiranse proporcionalmente ó número de socios que formasen cada compañía modificada e ó tempo da súa respectiva duración.

Artigo 111

En tódolos casos de extinción da compañía, a liquidación e a división dos bens sociais faranse conxuntamente as seguintes regras:

1.^a) Pagaranse as débedas contraídas en interese da sociedade cos bens sociais e, de non seren abondos, cos bens propios dos socios en proporción ás súas cotas.

O déficit que resulte da insolvencia dalgún socio dividirase proporcionalmente entre os res-

tantes, sen prexuízo do dereito a se reintegrar se o insolvente mellorase de fortuna.

2.^a) Cada socio recibirá os bens que subsistan dos que achegase, o equivalente dos que lle transmitise en propiedade á compañía ou allease en beneficio dela e o importe dos desperfectos que os seus bens sufrisen en proveito común.

3.^a) O remanente líquido do capital constituirá o haber da compañía e repartirase entre os socios ou entre os que deles trouxesen dereito, do xeito establecido na regra primeira.

Título VII

Do réxime económico familiar

Capítulo I

Disposición xeral

Artigo 112

O réxime económico matrimonial será o convido polos cónxuxes en capitulacións matrimoniais. En defecto de convenio ou ineficacia deste, o réxime será o da sociedade de gananciais.

Capítulo II

Capitulacións matrimoniais

Artigo 113

1. As capitulacións matrimoniais pódense outorgar ou modificar antes ou durante o matrimonio,

pero necesariamente en escritura pública ou en transacción xudicial que poña fin a calquera procedemento de separación, divorcio ou nulidade.

2. Poderán conter calquera estipulación relativa ó réxime económico, familiar e sucesorio, sen máis limitacións cás derivadas do establecido nesta lei.

Capítulo III

Doazóns por mor do matrimonio

Artigo 114

1. Son doazóns por razón do matrimonio as que se fan por mor deste, antes ou despois de celebrado, entre noivos ou cónxuxes ou por terceiras persoas a prol de calquera daqueles.

2. As doazóns por mor do matrimonio poderán abranguer bens presentes ou futuros, e mesmo tamén para caso de morte, en igual medida cá fixada para a sucesión testada.

Artigo 115

As doazóns por mor do matrimonio son irrevogables, agás pacto en contrario ou incumprimento de cargas impostas ó donatario con carácter esencial e expreso.

Artigo 116

1. Estas doazóns quedarán sen efecto se o matrimonio non se contrae no prazo de un ano ou desde que sexa declarado nulo.

2. A separación, divorcio ou

nulidade só determinan a ineficacia da doazón respecto do donatario que obrase de mala fe ou ó que lle sexan imputables os feitos que motivaron a devandita separación, divorcio ou nulidade.

Título VIII

Sucesións

Capítulo I

Disposición xeral

Artigo 117

1. A delación sucesoria pode ter lugar por testamento, por lei e polos pactos sucesorios regulados nesta lei.

2. Poderá tamén deferirse en parte por calquera dos modos expresados no parágrafo anterior.

Capítulo II

Dos pactos sucesorios

Sección 1.^a

Do usufructo voluntario de viuvez

Artigo 118

1. Os cónxuxes poderanse conceder, recíproca ou unilateralmente, o usufructo universal de viuvez. Con carácter recíproco poderanse constituír en testamento manco-

munado, en capitulacións matrimoniais ou en calquera outra escritura pública, e con carácter unilateral en calquera clase de testamento, en capitulacións matrimoniais ou en escritura pública.

2. Tal asignación será revogable, pero, se se fixo reciprocamente, a revogación por un só deles deberalle ser notificada fidedignamente ó outro no prazo dos dez días seguintes á data de revogación.

Artigo 119

1. O usufructo voluntario de viuvez é inalienable. Non obstante, poderase allea-la plena propiedade de bens determinados co concurso do usufructuario e o nu propietario, subsistindo o usufructo sobre os bens sub-rogados ou sobre o prezo do alleamento.

2. Este usufructo é renunciabile en todo ou en parte e só redimible por acordo do usufructuario e os nus propietarios.

Artigo 120

O devandito usufructo será revogable utilizando a forma establecida polo ordenamento xurídico para a revogación ou modificación do título constitutivo, e o de carácter recíproco en vida dos dous cónxuxes.

Artigo 121

1. O viúvo deberá facer inventario, pero non está na obriga de prestar fianza de tódolos bens da herdanza. Con todo, o título cons-

titutivo do usufructo poderá tanto libera-lo viúvo da obriga de facer inventario como establece-la obriga de prestar fianza.

2. Os herdeiros nus propietarios poderanlle pedir ó xuíz que obri-gue ó viúvo a prestar fianza co fin de salvagardaren as súas lexítimas.

3. O prazo para face-lo inventa-rio é o de seis meses, contados desde o pasamento do cónxuxe.

Artigo 122

O usufructo de viuvez sobre a totalidade da herdanza atribúelle ó seu titular, ademais das facultades e obrigas propias de todo usufruc-tuario, as seguintes:

1.^a) Paga-los gastos da última enfermidade, enterro, funerais e sufraxios do cónxuxe premorto con cargo á herdanza.

2.^a) Paga-las débedas esixibles do causante con metálico da herdanza. Se non houberse diñeiro ou este non fose abondo, poderá, con tal finali-dade, allear semoventes, arboredo ou mobiliario ordinario na contía precisa. O alleamento de calquera outro ben coa finalidade do paga-mento de débedas necesita o con-sentimento dos nus propietarios ou, noutro caso, a autorización xudicial.

3.^a) Allea-lo mobiliario e os semoventes que coide necesarios, de acordo cunha boa administra-ción, debendo repoñelos en canto fose posible.

4.^a) Realiza-las cortas de árbores

madeirables, aínda polo pé, e facer de seu o produto delas, sempre que sexan axeitadas a unha normal explotación forestal.

5.^a) Explota-las minas segundo o seu regulamento xurídico.

6.^a) Realizar melloras non sun-tuarias.

Artigo 123

O usufructuario referido nos artigos anteriores deberá:

1) Cumpri-las obrigas que ex-presamente lle impuxese o causan-te.

2) Administra-los bens obxecto do usufructo coa dilixencia propia dun bo pai de familia.

3) Prestar alimento, con cargo ó usufructo, ós fillos e descendentes comúns que o precisen.

4) Defender, á súa custa, a po-sesión dos bens.

Artigo 124

O pagamento das expensas e melloras realizadas polo viúvo rexe-rase polo disposto no Código civil respecto do posuidor de boa fe.

Artigo 125

1. Cando os nus propietarios sexan descendentes do viúvo, as reparacións, tanto as ordinarias coma as extraordinarias, serán a cargo e por conta deste, a non ser que pola súa entidade, e atendida a rendibilidade do patrimonio usu-fructuado, non puidese atendelas o

viúvo. Neste caso realizaranse consonte os nus propietarios ou, de non haber acordo, por determinación xudicial.

2. En calquera outro suposto e no tocante ó pagamento das reparacións ordinarias e extraordinarias, atenderase ó disposto no Código civil respecto do usufructo.

Artigo 126

O usufructuario poderá renunciar a todo o usufructo ou ó que afecte a determinados bens, debendo constar esta renuncia en escritura pública.

Artigo 127

Ademais das causas previstas no Código civil, o usufructo de viuvez extínguese:

a) Polo pasamento do usufructuario.

b) Por novo matrimonio do usufructuario, agás pacto ou disposición en contrario.

c) Por incumprimento das cargas expresamente impostas polo causante.

d) Por grave e reiterado incumprimento dos deberes familiares.

Sección 2.^a

Do pacto de mellora

Artigo 128

Será válido o pacto ou contrato sucesorio no que se conveña a mellora a prol de calquera dos

fillos ou descendentes, sen máis limitacións có respecto ós dereitos dos lexitimarios.

Artigo 129

O pacto de mellora ten carácter personalísimo e só poderá celebrarse entre maiores de idade, pero será válida a delegación da facultade de mellorar pactada polos cónxuxes en capitulacións matrimoniais.

Sección 3.^a

Do dereito de labrar e posuír

Artigo 130

1. O ascendente que quixese conservar indiviso un lugar ou unha explotación agrícola poderá pacta-la súa adxudicación íntegra a calquera dos seus fillos ou descendentes por actos *inter vivos*, con carácter irrevogable, ou *mortis causa*, e aínda que as sortes de terras estean separadas.

2. O mesmo pacto poderase facer respecto dunha explotación ou establecemento fabril, industrial ou comercial.

3. Se o testamento non dispuxese outra cousa, enténdese que a adxudicación implica unha mellora tácita e que abrangue o tercio e quinto, ou sexa, as sete quinceavas partes da facenda hereditaria, e non quita que o ascendente dispoña, a favor do descendente pre-

ferido, do resto das porcións de libre disposición.

4. Cando o ascendente fixese uso desta facultade, aboaránselles ós demais herdeiros forzosos as súas lexítimas ou as porcións da maior entidade en que as constituía, con metálico ou outros bens se os tivese.

5. En tódolos supostos a que se refire este artigo, o adxudicatario, unha vez causada a sucesión, poderá inscribir como un só predio o lugar ou explotación adxudicado, aínda que as sortes de terra sexan descontinuas.

6. Os mobles, froitos, apeiros de labranza e gando que lles correspondan ás lexítimas dos que non desfrutan do dereito de labrar e posuír seranlles entregados ós seus donos ou pagados en metálico.

Artigo 131

Nos casos a que se refire o artigo anterior, a casa petrucial e a súa eira, currais e horta unidos reputaranse indivisibles, tanto na sucesión *mortis causa*, testada ou intestada, coma nas particións que o ascendente fixese en vida.

Artigo 132

1. A mellora pactada só quedará sen efecto:

- a) Por mutuo dissenso.
- b) Por incumprimento das con-

dicións impostas no título constitutivo.

c) Cando o mellorado abandone totalmente, sen xusta causa, a explotación dos bens que a compoñen polo menos durante dous anos agrícolas.

d) Por incorre-lo mellorado en causa de indignidade para suceder ou de desherdamento.

2. Non sendo o establecido no pacto de mellora, o favorecido por un ascendente que premorra a este transmítelle-lo seu dereito ós descendentes que deixe. Se os descendentes fosen varios e o favorecido non designase ningún deles sucesor na mellora, o mellorante poderá elixir un como mellorado en escritura pública ou en testamento.

Artigo 133

As estipulacións contidas no pacto de mellora que fagan referencia explícita a institucións consuetudinarias galegas, como a casa, o casamento para a casa, a mellora de labrar e posuír, a compañía familiar ou calquera outra, deberán ser interpretadas, e mesmo tamén complementadas as omisións que nelas se advirtan, de acordo co establecido nesta lei ou, no seu defecto, cos usos e costume do lugar.

Sección 4.^a

Das apartacións

Artigo 134

1. Poderáselle adxudicar en vida a plena titularidade de determinados bens de calquera clase, sen ningunha excepción, a quen teña a condición de lexitimario do adxudicante no tempo da adxudicación, quedando este totalmente excluído de tal condición de lexitimario con carácter definitivo, calquera que sexa o valor da herdanza ó tempo de se deferir.

2. A apartación vincula ó apartado e ós seus sucesores e lexitimarios.

Artigo 135

A apartación precisa plena capacidade de disposición dos intervenientes e farase en escritura pública.

Capítulo III

Da sucesión testada

Sección 1.^a

Do testamento aberto notarial

Artigo 136

O testamento aberto poderá ser individual, mancomunado ou por comisario.

O testamento aberto outorgarase perante notario, sen que sexa necesaria a presenza de testemuñas, agás nos seguintes supostos:

a) Cando o solicite o notario ou

o propio testador.

b) Cando o testador sexa cego, demente en intervalo lúcido ou non saiba ou non poida ler ou escribir.

Nos supostos indicados requírese para ser testemuña unicamente ter plena capacidade xurídica, e deberán ser dúas polo menos.

Sección 2.^a

Do testamento mancomunado

Artigo 137

Os cónxuxes galegos poderán outorgar testamento mancomunado, aínda fóra de Galicia.

Artigo 138

A revogación ou modificación do testamento mancomunado poderana facer ámbolos dous cónxuxes de forma mancomunada ou só un deles unilateralmente.

Artigo 139

1. A revogación ou modificación unilateral só poderá facela un cónxuxe en vida do outro e producirá a ineficacia total das disposicións reciprocamente condicionadas.

2. Esta revogación ou modificación terase que facer en testamento aberto notarial, e o notario autorizante deberá notificarlle ó outro cónxuxe a revogación ou modificación nos dez días seguintes no domicilio determinado polos cón-

xuxes ó outorgaren o testamento mancomunado ou no que especialmente sinala o revogante. En ámbolos dous supostos non terá efecto a revogación se, por non cadra-lo enderezo sinalado co real, non se puidese face-la notificación. De non ser coñecido o domicilio poderá facerse a notificación por medio de edictos.

Artigo 140

Falecido un cónxuxe, o testamento convértese en irrevogable verbo daquelas disposicións que tivesen o carácter de reciprocamente condicionadas ou que se outorgasen en favor de persoa incapaz de herdar. A mesma irrevogación producirase con respecto daqueles que morresen antes e deixasen fillos sobreviventes, todo isto sen prexuízo dos dereitos de representación ou acrecentamento.

Sección 3.^a

Do testamento por comisario

Artigo 141

Mediante testamento ou mesmo en capitulacións matrimoniais, poderase nomear comisario ó cónxuxe non testador, co obxecto de que poida distribuír, ó seu prudente arbitrio, os bens do defunto e mellorar neles ós fillos comúns sen prexuízo das lexítimas e das melloras que instituíse xa o causante.

Artigo 142

O comisario non poderá delega-la función encomendada e perderá esta ó contraer novas nupcias.

Artigo 143

Se non se sinalase prazo, o viúvo ou a viúva terán o de un ano contado desde a apertura da sucesión ou, no caso de existiren fillos comúns menores de idade, desde a emancipación do último deles.

Sección 4.^a

Das melloras testamentarias e dos legados

Artigo 144

1. O testador poderá establecer por vía de legado o usufructo voluntario de viuvez regulado nos artigos 118 a 127, a mellora de labrar e posuír regulada nos artigos 130 a 133 deste corpo legal e calquera outra.

2. A mellora de tercio e quinto, que abrangue a totalidade do tercio de mellora e dúas quintas partes do de libre disposición, equivale a sete quinceavas partes do capital líquido da herdanza.

Artigo 145

As normas de interpretación e integración contidas no artigo 133 seranlles aplicables ás disposicións testamentarias.

Capítulo IV

Das lexítimas

Artigo 146

1. Lexítima é a cota de activo líquido que necesariamente lles corresponde a determinados parentes do causante dunha sucesión e ó cónxuxe viúvo deste, agás nos casos de apartación regulados nesta lei.

2. Son lexitimarios os herdeiros forzosos determinados no Código civil e na contía e proporción que, nos distintos supostos, establece o dito corpo legal.

3. Toda renuncia ou transacción sobre a lexítima non deferida é nula, exceptuando o suposto previsto no número 1 deste artigo.

Artigo 147

A fixación da lexítima global farase de acordo coas seguintes regras:

1.^a) Atenderase ó valor que tivesen os bens da herdanza ó tempo do falecemento do causante.

2.^a) Do dito valor deduciranse:

a) As débedas do causante.

b) Os gastos da súa última enfermidade, enterro e funeral.

c) O importe das melloras útiles e gastos extraordinarios de conservación e reparación custeados polo mellorado por pacto nos bens obxecto da mellora.

3.^a) O valor líquido obtido engadiráselle ó que tivesen os bens doados polo causante ó tempo da doazón, exceptuando as liberalidades ou os agasallos de costume.

Artigo 148

A determinación da lexítima individual entre varios lexitimarios está sometida ás normas do Código civil, coa particularidade de que o apartado ó que se refire a sección 4.^a do capítulo II deste título non fai número.

Artigo 149

1. A lexítima poderá ser atribuída a título de herdanza, legado, doazón ou de calquera outro xeito. Deberá ser satisfeita necesariamente con bens da herdanza, agás nos casos seguintes:

a) Cando o causante dispuxese expresamente que se satisfaga en metálico e non o houbese na herdanza.

b) Cando o conviñesen así o lexitimario e o obrigado ó pagamento da lexítima.

c) Cando se conviñese no pacto de mellora.

2. Non obstante, no caso previsto na alínea a) do número anterior, o herdeiro ou os herdeiros obrigados ó pagamento poderán optar por satisfacer a lexítima con bens da herdanza que non fosen especificamente legados ou asignados polo causante a persoa ou persoas

determinadas.

3. Comezado o pagamento en diñeiro ou en bens, o lexitimario poderá esixi-lo resto na mesma forma inicial.

Artigo 150

1. A decisión de pagamento en metálico seralle comunicada ó lexitimario no prazo de un ano desde a apertura da sucesión.

2. Para fixa-la suma que se deba pagar atenderase ó valor que tivesen os bens da herdanza ó tempo de face-la liquidación, e aplicaranse no demais as regras 2.^a e 3.^a do artigo 147 así como o artigo 148 desta lei. Feita a suma, o crédito metálico producirá o xuro legal.

3. O pagamento farase no prazo doutro ano máis, agás pacto en contrario. Se o lexitimario non amosase conformidade coa cantidade fixada, esta será consignada xudicialmente, sen prexuízo das accións que lle competan.

Artigo 151

1. Tódolos bens da herdanza están afectos ó pagamento da lexítima, correspondéndolle ó lexitimario a acción real para reclamála.

2. A acción de suplemento ten carácter persoal.

3. O lexitimario poderá pedi-la anotación preventiva no Rexistro da Propiedade da demanda na que

se reclame a lexítima ou o seu suplemento.

Capítulo V

Da sucesión intestada

Sección 1.^a

Disposicións xerais

Artigo 152

1. A sucesión intestada rexerese polo disposto no Código civil, non sendo o establecido no apartado seguinte.

2. O viúvo ou viúva ó que o cónxuxe premorto non outorgase disposición ó seu favor poderá optar por facer efectiva a súa cota usufrutuaria sobre os bens gananciais cando concorran na herdanza con descendentes ou ascendentes do causante. No caso de non abonda-lo dito usufructo para cubri-la cota, esta completárase sobre os bens privativos do causante sen necesidade de prestar fianza.

Sección 2.^a

Da sucesión da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 153

1. A falta de persoas que teñan dereito a herdar, de acordo co disposto nas seccións 1.^a, 2.^a e 3.^a do capítulo IV do título III, libro III, do Código civil, ou neste corpo legal, se é o caso, herdará

a Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os bens herdados serán destinados a establecementos de asistencia social ou a institucións de cultura, preferentemente radicados na última residencia habitual do causante e, en todo caso, en territorio galego.

Artigo 154

Se lle correspondese herdar á Comunidade Autónoma de Galicia, a herdanza entenderase aceptada a beneficio de inventario, logo da declaración legal de herdeiros.

Capítulo VI

Das partillas

Artigo 155

1. Poderáselle adxudicar en vida a plena titularidade de determinados bens de calquera clase, sen ningunha excepción, a quen teña a condición de lexitimario do adxudicante no tempo da adxudicación, quedando este totalmente excluído de tal condición de lexitimario con carácter definitivo, calquera que sexa o valor da herdanza ó tempo de se deferir.

2. A apartación vincula ó apartado e ós seus sucesores e lexitimarios.

Artigo 156

A apartación precisa plena capacidade de disposición dos interve-

nientes e farase en escritura pública.

Artigo 157

1. O testador pode face-la partilla da herdanza no propio testamento ou noutro documento.

2. Os cónxuxes poden partir conxuntamente nun só documento, aínda que testasen por separado.

3. Cando a fixesen en documento non testamentario e existise algunha contradición co testamento aberto, prevalecerá a partilla realizada naquel, sempre que se outorgase en documento público de data posterior ó testamento.

Artigo 158

1. A partilla feita polo testador ou polos cónxuxes testadores será válida aínda que o valor do adxudicado a calquera dos partícipes na comunidade hereditaria non corresponda coa cota ou participación atribuída no testamento, sen prexuízo do dereito dos lexitimarios a reclamaren, se é o caso, o suplemento de lexítima.

2. Na partilla conxunta por ámbolos dous cónxuxes, o haber correspondente a calquera herdeiro ou partícipe nas dúas herdanzas, aínda que sexa lexitimario, poderá ser satisfeito con bens dun só causante.

Artigo 159

1. O testador poderalle encomendar, no propio testamento ou noutro

documento público, a facultade de face-la partilla de herdanza a quen non sexa partícipe nesta.

2. Non obstante, poderá nomear contador-partidor, tanto en capitulacións coma en testamento, mancomunado ou non, ó cónxuxe sobrevivente ó que lle asignase o usufructo total de viuvez e delegar ademais nel a facultade de mello-ralos fillos ou descendentes comúns, sen prexuízo das disposicións do causante.

3. Estas facultades só poderán ser exercitadas mentres permaneza en estado de viuvez e dentro do prazo fixado polo causante. Se non o fixase, o prazo será de un ano, contado desde a apertura da sucesión ou, de existiren fillos comúns menores de idade, desde a emancipación do último destes.

Artigo 160

1. A designación de contadores-partidores pódese efectuar mancomunada, sucesiva ou solidariamente.

2. Se non se establece expresamente a solidariedade nin se fixa unha orde sucesiva entre eles, entenderanse nomeados mancomunadamente.

Artigo 161

1. Cando os contadores fosen mancomunados, valerá a partilla feita por todos, ou a que faga un só deles legalmente autorizado polos demais. En caso de disidencia, será válida a que faga a maioría

deles.

2. En caso de renuncia, falecemento ou incapacitación dun ou varios partidores macomunados, valerá a partilla feita polos demais, sempre que sexan máis de un.

Artigo 162

Será válida a partilla feita por un só dos partidores solidarios:

1) Cando acredite fidedignamente que lles notificou previamente ós demais a aceptación do cargo e o propósito de partir, sen que ningún deles, dentro dos quince días hábiles seguintes á data da notificación, manifestase nada en contra.

2) Cando por morte, renuncia expresa ou incapacitación dos demais quedase como partidor único.

Artigo 163

Os contadores-partidores, ademais das facultades propias do cargo e das outras encomendadas polo causante, terán que face-la entrega dos legados.

Artigo 164

Cando o testador non fixese a partilla, se os herdeiros son maiores de idade ou menores emancipados, poderán, por acordo unánime, distribuí-la herdanza da maneira que conveñan, aínda que houbese partidor nomeado polo causante.

Artigo 165

Os herdeiros maiores en idade que representen máis do cincuenta por cento do haber hereditario e sexan dous cando menos poderán por si sós face-las partillas, sempre que non exista contador-partidor nin herdeiros menores non emancipados ou incapacitados.

Artigo 166

A partilla referida nos artigos anteriores deberase axustar estritamente ás disposicións do causante ou, se é o caso, ás normas de sucesión legal, e estará sometida ás seguintes formalidades:

1.^a) Formación de inventario e avaliación por perito, logo de citación fidedigna, con trinta días de antelación como mínimo, ós demais interesados, se o seu domicilio fose coñecido.

2.^a) Sorteo perante notario de tódolos lotes formados ou, se é o caso, dos lotes do remanente, despois de fixa-los correspondentes a legados de cousa específica e ás melloras e ós legados de cota.

3.^a) Protocolización notarial da partilla.

4.^a) Notificación da protocolización, dentro dos noventa días hábiles seguintes, ós non concorrentes que teñan domicilio coñecido.

Artigo 167

O lote adjudicado ó herdeiro que, por ausencia de feito, non tivese domicilio coñecido e, por conseguinte, non lle fose notificada a protocolización será adminis-

trado polo viúvo do causante que concorrese á partilla e sexa ascendente do adxudicatario. No seu defecto ou pola súa renuncia, os herdeiros concorrentes deberán designar de entre eles un administrador, que, a falta de acordo, determinaran ó chou.

Artigo 168

O administrador a que se refire o artigo anterior terá, en tanto dure a administración, os dereitos e as obrigas propias de todo usufrutuario, agás as de inventario e prestación de fianza. Ademais, estará lexitimado para o exercicio e a defensa de cantas accións e dereitos lle correspondan ó propietario, exceptuando os de disposición dos bens obxecto da administración.

Artigo 169

A partilla entre coherdeiros, cando entre eles exista algún incapacitado ou menor non emancipado, legalmente representado, non precisa aprobación xudicial, pero si o acordo unánime entre os representantes legais e os herdeiros maiores ou emancipados. Esta partilla deberase axustar estritamente ás disposicións do causante ou, se é o caso, ás da sucesión legal.

Artigo 170

O cesionario dun coherdeiro sub-rógase no lugar deste na partilla da herdanza.

Disposición adicional primeira

1. As doazóns de inmobles por mor de matrimonio e de pactos sucesorios deberán constar necesariamente en capitulacións matrimoniais ou noutra escritura pública.

2. A modificación ou a extinción dos pactos sucesorios por acordo das partes suxeitaranse ás mesmas formalidades có pacto que se modifica ou extingue; sen embargo, o usufructo de viuvez pactado entre os cónxuxes poderase modificar ou extinguir por eles en testamento mancomunado.

Disposición adicional segunda

Cada cinco anos, como máximo, sen prexuízo da iniciativa parlamentaria correspondente, a Mesa do Parlamento de Galicia designará unha Ponencia, integrada por membros dos diversos grupos parlamentarios da Cámara, co fin de elaborar un informe comprensivo das dificultades e dúbidas que se advirtan na aplicación dos preceptos da presente lei e daquelas normas que se estimen necesarias para a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do dereito civil propio de Galicia.

Disposición transitoria

1. Os contratos de arrendamentos rústicos celebrados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei, vixentes en virtude de prórrogas legais ou pola tácita

reconducción, rematarán ó termo daquelas, agás pacto expreso das partes en cada caso.

2. Os arrendamentos rústicos denominados históricos que se atopen vixentes prorrogaranse polos prazos e nas condicións sinaladas pola súa propia normativa.

3. As parcerías en vigor quedan sometidas ás normas desta lei.

4. Os demais problemas de dereito intertemporal que se susciten por mor da entrada en vigor desta lei resolveranse de conformidade cos principios que informan as disposicións transitorias do Código civil.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Lei do Parlamento de Galicia 7/1987, do 10 de novembro, sobre a Compilación do dereito civil de Galicia, así como todas aquelas disposicións que se opoñan ó previsto na presente lei.

Disposición derradeira

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 1995

Manuel Fraga Iribarne
Presidente